

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027307	IES Isidro Parga Pondal	Carballo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Filosofía	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A presente programación didáctica desenvolve a materia de Filosofía do cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), tendo como referencia legal o Decreto 156/2022, de 15 de setembro (DOG 26 de setembro de 2022), polo que se establecen a ordenación e o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa elaboración tivéronse en conta tanto as especificades da materia coma as características do noso centro, o Instituto de Ensino Secundario (IES) Isidro Parga Pondal, e do noso alumnado.

O IES Isidro Parga Pondal sitúase en Carballo, un dos municipios de maior tamaño (187 km²) e con maior poboación da provincia da Coruña. Conta con 31.000 habitantes agrupados en 314 entidades de poboación e 18 parroquias. O 60% dos habitantes do concello concéntranse no seu núcleo urbano, no que se ubica o propio centro. No IES Isidro Parga Pondal impártense ESO e bacharelato, tanto en réxime ordinario como de adultos, xunto a un ciclo formativo de grao superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, así como formación aberta on line (Aula Mentor).

O alumnado que cursa a nosa materia está formado por un total de 14 estudantes. Cabe sinalar que boa parte deste alumnado procede de zonas rurais, en moitos casos illadas. Dase tamén un número relevante de casos de alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo: alumnado repetidor, alumnado con materias pendentes, alumnado procedente do PDC etc. Toda esta diversidade tense en conta na nosa programación.

Os nosos 13 alumnos e alumnas proceden dos catro grupos de 4^ºESO (procedentes de 4^ºA, 4^ºB, 4^ºC e 4^ºD).

A materia de Filosofía é unha optativa no curso de 4^º da ESO. A autocomprensión e a comprensión do mundo en que se vive -resultado do devir histórico- responde á dimensión teórica da nosa disciplina como "preguntar radical". Xunto a iso, a materia ten unha dimensión práctica, e neste sentido ha fomentar no alumnado unha actitude reflexiva e crítica que non deixe ningunha precomprensión a salvo, así como a capacidade para desenvolver o 'logos', é dicir, o pensamento compartido cos outros a través do diálogo e dunha sólida base de coherencia lóxica e conceptual, integrando ideas e crenzas, certezas e incertidumes, coñecementos e valores.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigorosa delas, e o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, para xerar e transmitir xuízos e teses persoais, e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica.	1-2-3	1	1	1-3	4	3	3	
OBX2 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		3	2-3		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación cos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores.	2-5					1-2-3		2
OBX4 - Comprender e analizar a personalidade humana, establecendo unha aproximación aos estudos da mente e da neurociencia, e vendo as implicacións da motivación, da afectividade e das emocións na súa conformación, a través da investigación e do diálogo entre a filosofía e a ciencia, para comprender e construír discursos sobre a reflexión filosófica acerca do ser humano ao longo da historia do pensamento.	1-2-3-5	1	2-5	1-2-5	3	1-3		1
OBX5 - Coñecer e comprender os conceptos e estruturas básicos da cultura, a sociedade e a socialización reflexionando, en común, sobre a natureza cultural e social do ser humano, oralmente e por escrito, cunha actitude crítica, sendo empáticos, equitativos, mantendo un espírito construtivo e valorando o enriquecemento cultural que supón coñecer as achegas culturais diversas.	1-2-3-5	3	5	3	3-4	1-2-3-4		1
OBX6 - Adquirir unha visión global da racionalidade humana como característica que nos distingue e nos permite situarnos e orientarnos no mundo, comprendendo e analizando as principais teses filosóficas sobre a capacidade que ten a racionalidade de fornecernos dun coñecemento axeitado do mundo, e valorando o ideal de verdade que perseguen as investigacións teóricas, e sérvelles de guía aos nosos afáns prácticos, para fortalecer no alumnado o espírito crítico e rigoroso á hora de analizar informacións, practicar o diálogo argumentado e adoptar criterios ben fundados á hora de tomar decisións individuais e colectivas.	1-2		4		4-5		3	
OBX7 - Tomar conciencia da centralidade das preguntas metafísicas, ao apuntar directamente á cuestión radical do sentido último da realidade e do papel do ser humano dentro dela, reflexionando de maneira dialóxica e crítica sobre o carácter perenne das preguntas sobre o universo e a natureza, sobre a vida e a morte, sobre o individuo e a historia, e o carácter histórico con que foron e seguen a ser contestadas, para que o alumnado aprecie, valore e se sinta partícipe do esforzo humano por tentar dar un sentido racional á totalidade que o rodea e á súa mesma existencia	1					3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Reflexionar e entender a liberdade humana e a súa relación coa vontade, incluíndo o seu tratamento ao longo da historia do pensamento e recoñecendo que está determinada desde varios niveis, para comprender que é condición da creatividade, tamén colaborativa, e para desenvolver desde esta última unha aproximación ao estudo sobre o que é a arte e a beleza.	1-2-5	1		1-2-3	3	1-3	1-3	1-2-3

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	De que falamos cando falamos de filosofía?	Achegamento ao sentido da filosofía	16	15	X		
2	Hai algún humano na sala?	Introdución á pregunta filosófica polo ser humano.	17	20	X		
3	Quen son eu?	Introdución á psicoloxía. Identidade e personalidade	17	19		X	
4	E que pasa cos demais?	Claves da vida en sociedade	16	16		X	
5	Verdade, mentira ou ningunha das dúas?	Introdución á teoría do coñecemento	12	12			X
6	É real a realidade?	Introdución á metafísica	11	12			X
7	Son libre cando fago o que me peta?	Introdución aos problemas da ética, a política e a estética	11	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	De que falamos cando falamos de filosofía?	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos e recoñecer as funcións da filosofía en canto a saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.	Expoñer as características distintivas da reflexión filosófica e valorar o papel da filosofía na sociedade do noso tempo.	PE	70
CA1.2 - Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas.	Entender as diferencias e as conexións entre a filosofía e outras formas de aproximación a realidade, como a ciencia ou a relixión.		
CA1.3 - Adquirir un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións a que responden.	Situarse na súa época e corrente de pensamento algunhas das figuras máis relevantes da historia da filosofía, sendo quen de integrar esta información nun traballo de investigación orixinal.	TI	30
CA1.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Identificar fontes fiables para a investigación dun tema filosófico, e analizar e organizar a información obtida con sentido crítico.		
CA1.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar e presentar na aula un traballo de investigación en equipo sobre figuras relevantes de todas as etapas da historia da filosofía..		
CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Aportar ideas propias ao debate sobre as cuestións propostas na aula, colaborando respectuosamente cos demais na procura xenuína dun consenso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía. - A filosofía como saber crítico. - Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico. - A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais. - O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis. - Breve síntese das grandes épocas da filosofía. - O papel das mulleres na cultura e na filosofía. - O pensamento galego.

UD	Título da UD	Duración
2	Hai algún humano na sala?	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC.	Reoñecer as propostas xerais da filosofía da mente no contexto da reflexión sobre o ser humano.	PE	70
CA2.5 - Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas máis representativas da dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Expoñer as principais aportacións da antropoloxía socio-cultural e da antropoloxía filosófica para elaborar unha resposta á pregunta pola "natureza" do ser humano.		
CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Identificar fontes fiables para a investigación dun tema filosófico, e analizar e organizar a información obtida con sentido crítico.	TI	30
CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar e presentar na aula un traballo de investigación, dilema e/ou comentario de texto.		
CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Aportar ideas propias ao debate sobre as cuestións propostas na aula, colaborando respectuosamente cos demais na procura xenuína dun consenso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica.

UD	Título da UD	Duración
3	Quen son eu?	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos, e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron.	Comprender as nocións básicas das teorías de personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na súa formación.	PE	70
CA2.3 - Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas.	Recoñecer os elementos e teorías da motivación humana.		
CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.	Recoñecer a importancia da motivación e da xestión das emocións no desenvolvemento dun proxecto de vida.		
CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Identificar fontes fiables para a investigación dun tema filosófico, e analizar e organizar a información obtida con sentido crítico.	TI	30
CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar e presentar na aula un traballo de investigación, dilema e/ou comentario de texto.		
CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Aportar ideas propias ao debate sobre as cuestións propostas na aula, colaborando respectuosamente cos demais na procura xenuína dun consenso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A personalidade. - Teorías e tipos de personalidade. - O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade. - Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista. - As emocións e a afectividade.

UD	Título da UD	Duración
4	E que pasa cos demais?	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen o ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de «cultura» e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural.	Comprender o concepto de cultura e o debate entre etnocentrismo, multiculturalismo e interculturalidade.	PE	70
CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.	Identificar as ideas básicas e a súa articulación argumentativa en textos sobre a condición social do ser humano e o proceso de socialización.		
CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do Estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións a eles.	Comprender a diferenza entre as teorías naturalistas e as contractualistas, desenvolvendo argumentos propios para unha análise crítica das distintas propostas, relacionándoas con problemas da sociedade actual.		
CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Identificar fontes fiables para a investigación dun tema filosófico, e analizar e organizar a información obtida con sentido crítico.	TI	30
CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar e presentar na aula un traballo de investigación, dilema e/ou comentario de texto.		
CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Aportar ideas propias ao debate sobre as cuestións propostas na aula, colaborando respectuosamente cos demais na procura xenuína dun consenso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Natureza e cultura no ser humano. - O ser humano como ser social.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos e axentes da socialización. - O proceso de socialización de xénero. - Sociedade e estado. - Teorías sobre a orixe da sociedade. - Teorías sobre a formación do Estado. - Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI.

UD	Título da UD	Duración
5	Verdade, mentira ou ningunha das dúas?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.	Recoñecer os elementos de racionalidade e irracionalidade que o ser humano pon en xogo na súa apertura á realidade.	PE	70
CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución.	Manexar nocións básicas das diferentes teorías da verdade en empregalas axeitadamente para construír unha reflexión propia.		
CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións.	Valorar a verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais.		
CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Identificar fontes fiables para a investigación dun tema filosófico, e analizar e organizar a información obtida con sentido crítico.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar e presentar na aula un traballo de investigación, dilema e/ou comentario de texto.		
CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Aportar ideas propias ao debate sobre as cuestións propostas na aula, colaborando respectuosamente cos demais na procura xenuína dun consenso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A racionalidade humana. Coñecemento e acción. - Teorías do coñecemento. - A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas. - O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. - A verdade. Características e valor da verdade. - Teorías da verdade.

UD	Título da UD	Duración
6	É real a realidade?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Coñecer o significado do termo «metafísica», comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o «preguntar radical».	Enfrontarse criticamente ao sentido da metafísica no mundo actual.		
CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia.	Identificar as ideas básicas e a súa articulación argumentativa en textos sinxelos de ontoloxía e cosmoloxía.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	Dialogar críticamente con textos filosóficos centrados na cuestión da morte e do sentido da vida humana.		
CA5.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Identificar fontes fiables para a investigación dun tema filosófico, e analizar e organizar a información obtida con sentido crítico.		
CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar e presentar na aula un traballo de investigación, dilema e/ou comentario de texto.	TI	30
CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Aportar ideas propias ao debate sobre as cuestións propostas na aula, colaborando respectuosamente cos demais na procura xenuína dun consenso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A metafísica e a pregunta polo ser das cousas. - Cosmoloxía e filosofía da natureza. - A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos. - Determinismo e indeterminismo físicos. - O sentido da existencia humana. - A vida e a morte como problemas metafísicos. - O lugar do ser humano no mundo. - O sentido da historia.

UD	Título da UD	Duración
7	Son libre cando fago o que me peta?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío, ou a liberdade interior, en relación coa facultade da vontade, coa autonomía e coa responsabilidade persoais, reflexionando ao mesmo tempo sobre a existencia do determinismo e analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre.	Comprender os problemas básicos arredor da cuestión da liberdade e realizar unha reflexión crítica.	PE	70
CA6.2 - Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Explicar as diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas da filosofía.		
CA6.3 - Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda a beleza, o proceso creativo e a produción artística.	Desenvolver unha reflexión propia sobre o papel da creatividade e da arte na sociedade actual.		
CA6.4 - Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana.	Debater en equipos sobre a importancia da liberdade de expresión e os seus eventuais límites no contexto dunha sociedade democrática.	TI	30
CA6.5 - Entender a capacidade humana da creatividade como un proceso de innovación e de asunción de riscos, en relación coa imaxinación, estudando as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade, e apreciando a importancia da colaboración creativa.	Entender as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade		
CA6.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Identificar fontes fiables para a investigación dun tema filosófico, e analizar e organizar a información obtida con sentido crítico.		
CA6.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar e presentar na aula un traballo de investigación, dilema e/ou comentario de texto.		
CA6.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Aportar ideas propias ao debate sobre as cuestións propostas na aula, colaborando respectuosamente cos demais na procura xenuína dun consenso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A liberdade e o libre arbitrio: vontade, autonomía e responsabilidade. Posturas filosóficas sobre a liberdade de acción.
- Determinismo e liberdade.
- Liberdade e creatividade: a liberdade como condición da creatividade.

Contidos

- A arte e a procura da beleza.
- A creatividade humana: imaxinación, innovación e asunción de riscos.
- Técnicas e fases do proceso creativo.
- Creación colaborativa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Desenvolverase unha metodoloxía activa na que o alumno/a sexa suxeito da súa propia aprendizaxe. Asumindo a perspectiva da aprendizaxe significativa, partírase dos coñecementos, aptitudes e actitudes previas do alumno/a para modular o desenvolvemento de cada unidade didáctica, atendendo a diversidade de intereses, necesidades e capacidades presentes na aula. Tratarase de posibilitar que o alumno/a aprenda por si mesmo, é dicir, que aprenda a aprender, indicindo en actividades que movan á análise de contidos, a investigación, a reflexión crítica e a cooperación. Cobrará gran importancia a capacidade de levar a teoría á práctica, co obxecto de buscar a funcionalidade das aprendizaxes, consonte a perspectiva competencial que establece a normativa educativa para esta etapa.

Na aula empregaranse estratexias expositivas e de indagación e diálogo, cobrando as segundas unha especial relevancia:

- Estratexias expositivas: para a presentación dos problemas, feitos, conceptos e propostas teóricas. Estas estratexias estarán acompañadas de exercicios ou actividades que axuden á asimilación da materia.
- Estratexias de indagación e diálogo: nas que o alumno ou alumna se enfronta con problemas ante os que ten que utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e aptitudes. Trataráse de investigacións sinxelas de carácter individual ou en equipo, que impliquen a busca e selección de información procedente de diferentes fontes: exposicións orais, debates, lecturas colaborativas... etcétera.

Deste modo, desenvolveranse actividades de comprensión, análise e síntese, autoavaliación, reforzo e ampliación, empregándose distintas agrupacións: dende traballo co grupo completo, até traballo en grupos reducidos (de entre dous e cinco alumnos/as, segundo a actividade) e traballo individual. Igualmente, empregaranse procedementos que permitan desenvolver a capacidade para analizar a información, estruturar o propio pensamento, conectar ideas con rigor lóxico e desenvolver a capacidade crítica. Para iso, traballarase en técnicas como mapas conceptuais; redaccións; comentarios de texto; comentario de imaxes, viñetas ou pezas cinematográficas; e iniciación nas técnicas da composición filosófica (disertación, dilema ético, etc.).

Fomentaranse os debates, a expresión das propias opinións, a capacidade de argumentar, a pluralidade de ideas e a tolerancia e respecto ás ideas e puntos de vista dos demais.

En definitiva, a metodoloxía empregada orientarase:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións sometidas a elaboración, análise ou debate.
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, esforzo, seguimento das instrucións de traballo, obtención de produtos finais axeitados tanto dende o punto de vista material como formal, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais teóricos facilitados polo docente
Textos filosóficos e de disciplinas conexas coa filosofía facilitados polo docente
Aula virtual da materia
Ordenador e proxector con conexión a internet
Caderno da materia

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Como procedemento de avaliación inicial realizarase, dentro das dúas primeiras semanas do curso, unha proba escrita que consistirá na lectura dun texto argumentativo, que non terá por que ser estrictamente "filosófico", con cuestións e un comentario crítico. Buscarase con esta proba determinar o grao de desenvolvemento da comprensión lectora, a expresión escrita e o sentido crítico.

A avaliación inicial, que non terá que arrojar unha cualificación en termos numéricos, permirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos trazos específicos e individuais do alumnado, así como á idiosincrasia do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	17	16	12	11	11	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

1. Criterios de cualificación

- En cada periodo trimestral de avaliación polo menos un exame (dous como máximo) e un traballo de investigación. O traballo de investigación poderá ser individual ou en equipo. Tanto os exames como os traballos terán a consideración de probas escritas, e suporán en conxunto o 70% da cualificación trimestral.

- O segundo elemento de cualificación será o caderno de clase, no que o alumnado deberá traballar individualmente ao longo do curso. O caderno será avaliando mediante una táboa de indicadores que considerará, cando menos, dous factores: completude e presentación. Poderá pedirse ao alumnado o caderno en calquera momento para facer a súa revisión.

- A participación na aula suporá o 10% restante da cualificación trimestral. Esta participación na aula avaliarase por medio dunha táboa de indicadores na que se incluírán, cando menos, os seguintes aspectos: lectura de textos; realización de exercicios; exposición das respostas elaboradas; participación nos debates propostos, escoitando aos demais e respectando as quendas de palabra; expresión ordenada e respectuosa das propias opinións; formulación de preguntas e demandas de información adicional.

- Todas as probas e traballos, así como a participación na aula e, eventualmente, o caderno serán cualificados cunha nota mínima de 0 e unha nota máxima de 10.

- A nota da avaliación final será a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais trimestrais. Considerarase superado o curso se se obtén un mínimo de 5 tras aplicar a regra de redondeo que se explica no apartado seguinte, sempre e cando todas as notas das avaliacións parciais trimestrais sexan iguais ou superiores a 3. Os alumnos/as que teñan algunha avaliación parcial trimestral con nota inferior a 3 non poderán ser cualificados na avaliación final con nota superior a 3, e considerarase que non teñen superada a materia.

2. Sistema de redondeo de notas:

- Nos boletíns das avaliacións parciais as notas reflectirán a nota obtida polo alumno/a expresada en números enteiros, sen decimais e redondeando sempre á baixa. É dicir, un alumno/a que obteña un 4,9 terá no boletín un 4; un alumno/a que obteña un 5,9 terá no boletín un 5, etcétera. Porén, á hora de facer a media das tres avaliacións parciais, teranse en conta as notas sen redondeo e cun único decimal. Despois de achada a media procederase a realizar o redondeo, que se fará á alza a partir de 6 décimas. É dicir, unha nota media na avaliación final de 4,6 redondeará a 5 (e considerarase que o alumno/a aprobado/a), unha nota de 4,5 redondeará a 4 (e considerarase suspenso). O profesorado informará ao alumnado deste sistema, asegurándose de que o comprende e de que ten claro en cada caso cales son as súas notas reais en cada avaliación parcial, máis aló do que reflectan os boletíns.

3. Medidas contra o fraude académico:

- De detectarse fraude (copia, plaxio, emprego de medios electrónicos para obter información no medio dunha proba escrita, etcétera) en calquera proba de avaliación, esta será cualificada con cero puntos.

Se o docente non tivese probas irrefutábeis pero si sospeitas fundadas da existencia de fraude nunha proba de avaliación, informará á xefatura de Departamento desta circunstancia, e poderá someter ao alumno/a, sen previo aviso, a unha proba oral baseada nos mesmos contidos que a proba anterior respecto á cal ten sospeita de fraude. Se o resultado desta proba oral fose claramente negativo teranse por confirmadas as sospeitas, e o alumno/a recibirá nesa proba unha cualificación de cero puntos.

Criterios de recuperación:

Os criterios de recuperación serán os seguintes:

- O alumnado que non alcance os 5 puntos nalgunha das avaliacións parciais trimestrais terá a posibilidade de mellorar a nota, mediante a realización dunha proba escrita de recuperación que abarcará todos os criterios de avaliación traballados nas unidades didácticas do trimestre. Esta proba realizarase ao inicio do trimestre seguinte. A nota da recuperación substituirá a correspondente ás probas probas escritas (nas que se inclúen exames e traballos) e calcularase novamente a media tendo en conta o resto de elementos de cualificación (caderno de clase e participación).

- O alumnado que, a final de curso, non alcance unha media de 4,6 puntos no cómputo das tres avaliacións parciais (recórdese que neste caso 4,6 redondea en 5), terá dereito a facer unha proba final de recuperación. Nesta proba terá que dar conta unicamente dos criterios de avaliación da avaliación ou avaliacións parciais trimestrais nas que teña unha nota inferior a 5. A nota que obteña nesta proba de recuperación empregarase para facer unha nova media do curso. Se esta nova media fose inferior á que xa tiña, non será tida en conta, en beneficio do alumno/a.

- Os alumnos/as que ao final do terceiro trimestre non acaden a media de 5 necesaria para obter o aprobado na avaliación final, terán a oportunidade de facer unha proba escrita centrada naquelas partes da materia non superadas. Alternativamente, o/a docente poderá decidir substituír esta proba escrita por un traballo, nas condicións que el/ela mesmo/a decida.

6. Medidas de atención á diversidade

Atenderase en todo momento á diversidade de intereses, capacidades, necesidades e motivacións do alumnado, téndose en conta tamén a particular situación dos repetidores e daqueles que teñen materias pendentes. Sen perxuício do anterior, todos os alumnos e alumnas deben alcanzar os mínimos de consecución referenciados no apartado 3.2 desta programación.

A atención á diversidade plasmarase tamén na variedade de actividades, á que se fai referencia no apartado 4.1 (Concrecións metodolóxicas), e na realización de actividades específicas de reforzo e ampliación, as cales virán determinadas pola resposta do alumnado a cada unidade didáctica.

Realizarase un especial seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Ademais das estratexias de atención á diversidade xa sinaladas, a atención a este alumnado terá en conta os protocolos específicos e as directrices do departamento de Orientación. En concreto, cos alumnos e alumnas diagnosticados con Transtorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) seguiranse os seguintes criterios:

- Sentalos nas primeiras filas, cerca do profesor/a para poder supervisalos, ou ao carón dun compañeiro máis tranquilo que á vez os poida axudar.
- Para cada actividade, dar instrucións de forma clara, asegurándonos de que escoitou e atendeu.
- Evitar o exceso de tarefas.
- Asegurarnos de que coñecen e entenden as normas da aula, facéndolles evidentes as consecuencias de eventuais condutas incorrectas.
- Nas explicacións na aula, procurarase realizar pausas periódicas para que teñan a oportunidade de procesar a información, facéndolles preguntas e dando unha retroalimentación inmediata as súas respostas. Ademais, o docente procurará manter o contacto visual e detectar posibles signos de incomprensión.
- Nos traballos e probas escritas, o profesorado asegurarse de que o alumno/a comprenden be as tarefas a realizar ou as preguntas a responder, e de que dispón do tempo preciso para realizalas, ofrecéndose tempo extra para completar os traballos se fose necesario. Se se considera necesario, estes traballos e probas escritas poderán adaptarse especificamente para o alumnado con TDAH, ao igual que para alumnado con outras NEAE.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Resolución práctica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O departamento de Filosofía establece como obxectivos para contribuír ao plan de convivencia do centro os seguintes:

- Educar ao alumnado para a convivencia democrática, traballando na práctica docente a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- Respetar a liberdade de conciencia e conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro no ámbito de súa competencia. Fomentar un clima positivo de convivencia no centro e na aula, e durante as actividades complementarias e extra-escolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Manter a orde e velar polo adecuado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fora dela, corrixindo e pondo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpíada filosófica	A Olimpíada filosófica deste curso invita a unha reflexión sobre o ocio. A participación nesta actividade complementaria integrarase na programación do curso, do modo que determine cada docente, quen terá tamén liberdade para decidir a modalidade de participación: disertación, dilema ético, obra fotográfica ou vídeo.		X	

Observacións:

O tema elixido para a edición deste ano da Olimpíada filosófica pode relacionarse cos elementos curriculares das unidades didácticas 2, 3, 4 e 7. Porén, a necesidade de encaixar o calendario de Olimpíada coa temporalización desta programación didáctica levaranos a traballar unicamente con elementos das unidades didácticas 2, 3 e 4.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización das unidades didácticas resultou adecuada
Traballáronse todos os contidos previstos
Aplicáronse todos os criterios de avaliación
Metodoloxía empregada
As actividades realizadas desenvolvéronse de forma satisfactoria
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos didácticos foron efectivos

Medidas de atención á diversidade
Aplicáronse os protocolos previstos para a atención ao alumnado con NEAE
Clima de traballo na aula
O clima da aula tivo unha repercusión positiva na motivación e rendemento do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballouse dende unha perspectiva multidisciplinar

Descrición:

O departamento de Filosofía pretende promover a reflexión crítica e a autoavaliación do proceso do ensino-aprendizaxe e da práctica docente. Para iso, traballarase cunha secuencia de indicadores de logro que nos permitan avaliar a efectividade do realizado na aula, detectar erros e desviacións respecto ao programado e establecer estratexias de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O cumprimento da programación didáctica será obxecto de seguimento a través da ferramenta PROENS, e será posto en común polos docentes nas reunións de Departamento. Teranse en conta todas aquelas dificultades e incidencias que detecten os docentes, así como as conclusións das reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Toda esa información recollerase na memoria final do curso, e permitirá elaborar unha proposta de mellora de cara ao seguinte período lectivo.

9. Outros apartados